

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Establecemento de retribucións de membros da Corporación

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que, na súa parte dispositiva, a continuación se transcribe:

<<6.º.-Establecemento de retribucións de membros da Corporación.

1.º.-Manter o exercicio do cargo de alcalde en réxime de dedicación exclusiva, fixando a retribución por tal concepto na suma de 30.000 € anuais, a percibir en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro.

2.º.-Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o exercicio dos cargos que a continuación se relaciona, fixando a retribución a percibir por cada un deles por tal concepto na suma de 25.000 € anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro:

- Concellería delegada de Promoción Económica e Medio Ambiente.
- Concellería delegada de Cultura e Praias.
- Concellería delegada dos servizos de Urbanismo e Obras e Servizos.

3.º.-Establecer o réxime de dedicación parcial para o exercicio dos cargos que a continuación se relaciona, cunha dedicación mínima de catro horas diarias de luns a venres, nos horarios que fixe a Alcaldía, fixando a retribución a percibir por cada un deles por tal concepto na suma de 12.500,00 € anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro:

- Concellería delegada de Educación, Xuventude e Saúde.
- Concellería delegada de Emprego, Transparencia e Participación Cidadá.
- Concellería delegada do servizo de Deportes.
- Concellería delegada do servizo de Servizos Sociais e Igualdade.

4.º.-Solicitar, respecto dos cargos anteditos, a alta na Seguridade Social dos concelleiros que os ocupen, asumindo o Concello respecto do mesmo as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social imponen ás empresas en relación cos seus traballadores, e concretamente o pago da cota empresarial que corresponda.

5.º.-Autorizar o gasto derivado do presente acordo con cargo ás partidas 912.0.10000 e 912.0.10001 do vixente presuposto.

6.º.-O réxime retributivo establecido en virtude deste acordo será de aplicación desde esta mesma data. A aceptación expresa do réxime de dedicación por parte dos nomeados comunicarase ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7.º.-Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.>>

Sada, 4 de novembro de 2015.

O alcalde

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2015/10848

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Modificación da relación de cargos municipais con réxime de dedicación exclusiva e parcial

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<3.º.–Proposta da Alcaldía sobre modificación da relación de cargos municipais con réxime de dedicación exclusiva e parcial.

- 1.º.–Modificar a relación de cargos con dedicación exclusiva e con dedicación parcial, aprobada por acordo plenario de 4-7-2015, establecendo o exercicio con dedicación exclusiva do cargo da Concellería Delegada de Educación, Xuventude e Saúde e o exercicio con dedicación parcial do cargo da Concellería Delegada de Cultura e Praias, sen variación das restantes determinacións do réxime retributivo establecido en dito acordo.
- 2.º.–A presente modificación do réxime de dedicación dos cargos anteditos será de aplicación desde a data da súa aceptación expresa por parte dos seus titulares, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
- 3.º.–Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello>>.

Sada, 04 de outubro de 2016.

O alcalde

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2016/8246

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Modificación do réxime de dedicación do cargo da Concellería delegada de Administración Local, Obras e Servizos

EDICTO

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<2º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación do réxime de dedicación do cargo da Concellería delegada de Administración Local, Obras e Servizos.

1º.- Modificar a relación de cargos con dedicación exclusiva e con dedicación parcial, aprobada por acordo plenario de 4-7-2015, establecendo o exercicio con dedicación exclusiva do cargo da Concellería delegada de Administración Local, Obras e Servizos, sen variación das restantes determinacións do réxime retributivo establecido en dito acordo.

2º.- A presente modificación do réxime de dedicación do cargo antedito será de aplicación desde a data da súa aceptación expresa por parte dos seus titulares, o que se comunicará ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello>>.

Sada, 08 de novembro de 2016

O alcalde,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2016/9276



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Nomeamento de secretario particular da Alcaldía

EDICTO

Esta Alcaldía, mediante o decreto núm. 1057/2015, do 06 de xullo, ditou a seguinte resolución:

<<Ao abeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de 4-07-2015, polo que se mantén o posto de secretario particular do alcalde, coa retribución de 25.000,00 euros anuais a percibir en catorce pagas, código 030002 da relación de postos de traballo.

Considerando o disposto no artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, e que a persoa designada é adecuada para ocupar este posto, en uso das atribucións que me confire o artigo 104.2 da mesma norma, resolvo:

1.º.–Nomear a D. Daniel Alejandro Calvete Suárez, titular do DNI núm. 32 831 627 R, para ocupar o posto de secretario particular da Alcaldía, correspondente a persoal eventual, cos cometidos inherentes ao posto, dedicación exclusiva e as retribucións aprobadas polo acordo plenario de 4-07-2015, quedando sometida ao réxime do persoal funcionario agás no relativo ao nomeamento e cesamento e debendo tomar posesión do posto no prazo de 3 días hábiles.

2.º.–Notificar esta resolución ao interesado, comunicala aos efectos procedentes a Intervención e Servizo de Persoal, publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia con indicación do seu réxime retributivo e dedicación, e dar conta del ao Pleno na primeira sesión que celebre, segundo o disposto no art. 104.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.>>

Sada, 22 de xullo do 2015

O Alcalde,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2015/8015

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Modificación da xornada semanal do posto de secretario particular da Alcaldía

EDICTO

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de outubro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<3º.- Proposta da Alcaldía sobre cambio da xornada semanal do posto de secretario particular da Alcaldía.

Modificar a xornada do posto de secretario particular do Alcalde, código 030002 da Relación de Postos de Traballo, correspondente a persoal eventual, fixando para o mesmo o réxime de media xornada cunha dedicación mínima de catro horas diarias de luns a venres, nos horarios que fixe a Alcaldía, e coa retribución de 12.500,00.- euros anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes correspondentes aos meses de xuño e decembro>>.

Sada, 08 de novembro de 2016

O alcalde,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2016/9266

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Nomeamento de secretario particular da Alcaldía

EDICTO

Esta Alcaldía, mediante o decreto núm. 1737/2016, do 28 de outubro, ditou a seguinte resolución:

<<Ao abeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de 27-10-2016, polo que se modifica a xornada semanal do posto de secretario particular da Alcaldía, código 030002 da Relación de Postos de Traballo, fixando o réxime de media xornada e coa retribución de 12.500,00.- euros anuais a percibir en catorce pagas.

Considerando o disposto no artigo 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril e que a persoa designada é adecuada para ocupar este posto, en uso das atribucións que me confire o artigo 104.2 da mesma norma, resolvo:

1º.- Nomear a D. Xosé Fernando Fariña Andrade, titular do DNI núm. 32795482N, para ocupar o posto de secretario particular da Alcaldía, correspondente a persoal eventual, cos cometidos inherentes ao posto, réxime de media xornada no horario de luns a venres de 9:00 a 13:00 e as retribucións aprobadas polo acordo plenario de 27-10-2016, quedando sometido ao réxime do persoal funcionario agás no relativo ao nomeamento e cesamento e debendo tomar posesión do posto no prazo de 3 días hábiles.

2º.- Notificar esta resolución ao interesado, comunicala aos efectos procedentes a Intervención e Servizo de Persoal, publicar o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia con indicación do seu réxime retributivo e dedicación, e dar conta del ao Pleno na primeira sesión que celebre, segundo o disposto no art. 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local>>.

Sada, 08 de novembro de 2016

O alcalde,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2016/9274